

CONVOCATORIA DE MATRÍCULA DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA AS PERSOAS MAIORES DE 45 ANOS (2024)

A proba de acceso á universidade para as persoas maiores de 45 anos regúlase polo disposto no Real decreto 412/2014, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño), e o disposto na Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG do 4 de abril). Por todo o exposto, e ao abeiro das competencias recoñecidas ás universidades nas disposicións citadas e conforme o expresado no convenio entre as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG)

RESOLVE:

Convocar a proba de acceso á universidade para as persoas maiores de 45 anos, correspondente ao ano 2024, no ámbito das tres universidades públicas de Galicia, conforme as seguintes:

BASES

1. Quen se pode matricular

Poden matricularse para realizar a proba as persoas que cumprisen ou cumpran 45 anos de idade no ano natural en que teña lugar a proba (que acreditarán mediante a fotocopia do DNI ou do pasaporte) e que non posúan ningunha titulación académica habilitada para acceder á universidade por outras vías. As persoas solicitantes deberán asinar unha declaración responsable de que todos os datos sinalados na súa solicitude de inscrición para as probas de acceso para maiores de 45 anos son certos e válidos na data de presentación da solicitude.

A ausencia desta acreditación, a falta de veracidade ou a manipulación de datos suporá a perda automática dos dereitos derivados da matrícula nas devanditas probas e/ou a exclusión do proceso de adxudicación de prazas ou a anulación da matrícula dende o inicio dos estudos universitarios, no seu caso, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que sexan aplicables.

2. Prazo, horario e modos de matrícula:

O prazo de matrícula será do 29 de xaneiro ao 2 de febreiro, ambos os dous inclusive, de acordo coas instrucións que indique a CiUG na súa páxina web (ciug.gal).

3. Documentos

Documentación que se achegará no momento da matrícula:

- a) Fotocopia do DNI ou pasaporte (persoas estranxeiras) por ambas as caras.
- b) Xustificante de ter aboadas as taxas de matrícula.
- c) De ser o caso, xustificante do dereito de redución ou exención das taxas de matrícula.
- d) Solicitude de matrícula en que consten os datos da persoa interesada, de acordo coas instrucións que indique a CiUG na súa páxina web (ciug.gal) coa declaración responsable de veracidade dos datos.
- e) Currículo

4. Prezos públicos

De conformidade co disposto no Decreto 98/2023, do 22 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do sistema universitario de Galicia para o curso académico 2023/2024, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG, núm. 124, do 30 de xuño de 2023), o importe do prezo de matrícula para estas probas é de **63,67 euros**. O aboamento de prezos efectuarase de acordo coas instrucións que indique a CiUG na súa páxina web (ciug.gal).

Exencións no pagamento de prezos públicos por servizos administrativos

Aplicaranse as exencións establecidas no artigo 12 do Decreto 98/2023, do 22 de xuño. A condición que dea lugar á exención deberá estar vixente na forma legalmente establecida para cada caso, no momento de efectuar a matrícula:

- | | |
|--|-------------|
| - Familia numerosa: categoría xeral | 31,84 euros |
| - Familia numerosa: categoría especial | Gratuíta |
| - Persoas con discapacidade ($\geq 33\%$), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero | Gratuíta |
| - Beneficiarios de axudas ao persoal das universidades do SUG | Gratuíta |

Acreditación das exencións

(1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa vixente no momento da matrícula.

(2) A condición de persoa con discapacidade ($\geq 33\%$), de vítima de acto terrorista acreditarase coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñece a condición correspondente.

(3) A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da matrícula mediante o documento acreditativo da dita condición que deberá estar

adoptado ou emitido no prazo de 5 anos inmediatamente anteriores á data de formalización da matrícula.

(4) Beneficiarios de axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos. Serán beneficiarias das axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos todas as persoas que estean contempladas nalgún suposto das "Convocatorias de axudas e subvencións de Prezos Públicos" de calquera das tres universidades públicas do SUG para o presente curso académico:

- Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos/as, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta.
- A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos/as, ademais, por medio da fotocopia cotexada do Libro de Familia. A situación que dá dereito a axuda deberá estar vixente no momento da matrícula.

5. Realización dos exames

Os exercicios que deberán realizarse son os indicados no Real decreto 412/2014, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño), e especificados no folleto informativo editado pola CIUG.

O alumnado matriculado ao abeiro da presente convocatoria realizará os exames, nun chamamento único, o **venres 23 de febreiro**, a partir das 8.30 horas, nas instalacións da CIUG, situadas no Edificio Fontán da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.

Os candidatos e candidatas poderán realizar a proba de acceso en tantas universidades como estime oportuno, sempre que existan nelas os estudos que desexen cursar; a superación da proba de acceso realizada pola CIUG permitiralles ser admitidos unicamente nas Universidades do SUG.

6. Estrutura da proba

A proba de acceso terá como obxectivo valorar a madurez e a idoneidade das persoas candidatas para seguiren con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita. A proba de acceso comprenderá os tres exercicios seguintes:

- a) Comentario dun texto ou desenvolvemento dun tema xeral de actualidade
- b) Lingua castelá
- c) Lingua galega

Os candidatos e candidatas que superen a proba de acceso deberán realizar ademais unha entrevista persoal na data e no lugar determinados pola comisión organizadora.

Do resultado da entrevista persoal enviarase unha resolución de «apto» como condición necesaria para a posterior resolución favorable de admisión dos candidatos e candidatas.

Os candidatos e candidatas que acrediten a residencia fóra de Galicia por un período ininterrompido superior aos catro últimos anos poderán solicitar, no momento de se matricularen, a exención do exercicio de Lingua galega. A CiUG comunicarlles aos candidatos ou candidatas a concesión ou non da exención do exercicio de Lingua galega.

Cada un dos exercicios da proba de acceso terá unha duración máxima dunha hora e media. Establecerase un intervalo mínimo de trinta minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para realizar os exercicios, os candidatos e candidatas poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios correspondentes a Lingua castelá e Lingua galega realizaranse nos seus respectivos idiomas.

7. Sistema de cualificación

A cualificación de cada un dos exercicios da proba de acceso expresarase en números de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais e con intervalos de 0,25 puntos.

A cualificación final da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas nos tres exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e no caso de equidistancia á superior, sempre que a puntuación de cada un dos tres exercicios sexa igual ou superior a catro puntos

O candidato ou candidata superará a proba cando a puntuación de cada un dos tres exercicios sexa igual ou superior a catro puntos e obteña un mínimo de cinco puntos na cualificación final.

A nota de admisión para cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao será a cualificación final obtida na proba.

Unha vez superada a proba de acceso, os candidatos e candidatas poderán presentarse de novo en sucesivas convocatorias, coa finalidade de mellorar a súa cualificación. Terase en conta a cualificación obtida na nova convocatoria sempre que esta sexa superior á anterior.

8. Publicación das cualificacións provisionais

As cualificacións provisionais da proba publicaranse no taboleiro de anuncios da CiUG, nos LERD e a través da aplicación informática Nerta o **día 29 de febreiro** (a partir das 15.00 horas). A resolución pola que se publican estas cualificacións terá efectos de notificación oficial para as persoas interesadas.

9. Reclamacións ás cualificacións

Os candidatos e candidatas poderán presentar unha reclamación ás cualificacións provisionais despois de se publicaren, dentro do prazo establecido pola comisión organizadora e mediante un escrito razoado dirixido á presidencia do tribunal.

O **prazo de presentación de reclamacións** ás cualificacións será **do 1 de marzo ata as 14.00 horas do 5 de marzo**.

As solicitudes de reclamación presentaranse a través da aplicación informática Nerta.

10. Realización das entrevistas persoais

A CiUG publicará, na súa páxina web (ciug.gal), **antes do 11 de marzo de 2023, a data de realización da entrevista persoal e a hora** convocada para cada un dos candidatos/as que superase a proba. A **realización da entrevista** terá lugar na sede da CiUG, situada no Edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela.

11. Publicación das cualificacións definitivas

As **cualificacións definitivas** (despois da resolución das reclamacións e das entrevistas persoais) publicaranse o **día 25 de marzo** (a partir das 15.00 horas) a través da aplicación informática Nerta e nos LERD. A resolución pola que se publican estas cualificacións terá efectos de notificación oficial ás persoas interesadas e porá fin á vía administrativa. Contra esta resolución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia comisión. Neste caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

O alumnado que solicitou revisión dunha ou varias probas, terá dereito a ver as probas revisadas unha vez finalizado o proceso de revisión (Art. 10.3 do RD 310/2016 de 29 de xullo). Para a consulta dos exames poderá facerse a solicitude no prazo que se indicará na páxina da CIUG (www.ciug.gal) o día de publicación das cualificacións definitivas, presentando o formulario correspondente nun LERD (véxase Anexo I)

12. Efectos e acceso ao SUG

Ao alumnado que supere esta proba no sistema universitario de Galicia, correspóndelle as universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Para acceder ás **titulacións universitarias do SUG con límite de prazos**, o alumnado que supere a proba deberá presentar a súa **solicitude de admisión** no prazo e forma que indique a convocatoria de acceso ao Sistema Universitario de Galicia. Para iniciar este

proceso á preciso estar en posesión do certificado de superación da proba, expedido pola CiUG.

No **anexo II** recóllese o horario de realización dos exercicios da proba.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2023

Pedro Armas Diéguez Delegado do Reitor da Universidade da Coruña	María Teresa Flores Arias Delegada do Reitor da Universidade de Santiago de Compostela	Iván C. Area Carracedo Delegado do Reitor da Universidade de Vigo
--	---	---

XESES/AS DOS SERVIZOS DE ALUMNADO DAS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS
ENCARGADOS/AS DOS LERD
RESPONSABLES DO PROGRAMA INFORMÁTICO NERTA

ANEXO I

Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERDs)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



LERD 1 Campus de Santiago de Compostela
Servizo de Xestión Académica
Pavillón Estudiantil, 2º andar-Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Teléfonos: 881 814 538 / 881 814 530
Correo: sxa@usc.es

LERD 2 Campus de Lugo
Edificio Biblioteca Intercentros, planta baixa - Campus Universitario - 27002 Lugo
Teléfono: 982 823 552
Correo: sxa.lugo@usc.es

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

LERD 3 Campus de Elviña, A Coruña
Pavillón de estudantes - Campus de A Coruña -15071 A Coruña
Teléfonos: 881 011 190 / 881 011 192 / 881 011 964
Correo: lerdcoruna@udc.es

LERD 4 Campus de Ferrol
Edificio de usos administrativos (1º andar) - 15402 Ferrol
Teléfonos: 881 013 650 / 881 013 675
Correo: lerdferr@udc.es

UNIVERSIDADE DE VIGO

Universidade de Vigo

LERD 5 Cidade de Vigo - SIE
Edificio Redeiras, Praza da Ribeira do Berbés, 11 – 36202-Vigo
Teléfonos: 986 813 630 / 986 813 755
Correo: sie@uvigo.gal

LERD 6 Campus de Ourense
Unidade Administrativa - Área de Servizos á Comunidade - Campus As Lagoas - 32004
Ourense
Teléfonos: 988 387 102
Correo: asc-ou@uvigo.gal

LERD 7 Campus de Pontevedra
E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal - Área de Servizos á Comunidade - Campus A
Xunqueira - 36005 Pontevedra
Teléfonos: 986 801 949
Correo: asc-po@uvigo.gal

Anexo II. Data e horario de realización da proba

VENRES, 23 DE FEBREIRO DE 2024	
Hora	Sesión
08.30	Presentación do alumnado
09.00–10.30	Comentario de texto sobre un tema xeral de actualidade
10.30–11.00	Descanso
11.00–12.30	Lingua castelá
12.30–13.00	Descanso
13.00–14.30	Lingua galega
14.30	Fin da sesión